

# SAN MARTIÑO DE BARCIA DE MERA

SIGLO XVIII

## PAZO ABACIAL



Mandouno construír, cara 1740, o abade, Dr. Don Alberto Barreyro y Bello, sucesor do seu tío, Dr. Don Alberto Bello Barreyro, un dos promotores da Igrexa de San Martiño. Esta mansión señorial sufriu un incendio no ano 1890 que, posiblemente, explique a perda do Libro de Fábrica deste edificio, concluído no ano 1752.

O pazo aglutina outras dependencias secundarias dentro dunha importante explotación agrícola ao servizo da veciñanza: muíño, forno, lagar e ferrería. Tamén recursos defensivos contra os ladróns, caso das troneiras existentes a ambos lados dos portalóns das adegas ou na garita de pedra de planta circular con mira, situada no ángulo da fachada Norte.

No interior do pazo destaca o seu fermoso patio desde o que se accede ás dependencias interiores por catro portas distintas, unha delas por medio dun fermoso patín.

Trátase, sen dúbida, dunha das máis fermosas fachadas pancegas do barroco galego.



### Sostendo a terra

O Atlas ou Atlante é un personaxe da mitoloxía clásica que aparece cargando a esfera terrestre. Na Titanomaquia, Atlas era o caudillo dos Titáns, que foron derrotados polos deuses olímpicos. Como castigo, Zeus condenouno a soste o ceo sobre as súas costas, representado pola esfera terrestre.

Este de Barcia de Mera non aparece espido, como acontece co mitolóxico, senón vestido cun traxe burgués masculino propio do século XVIII: chaqueta de caza dotada con puños volteados e un par de colas, chaleco abotoado con petos laterais, etc.

Probablemente a intención do promotor foi perpetuar o esforzo supremo que houbo de soportar a veciñanza de Barcia de Mera para conseguir levantar o Pazo Abacial e a Igrexa parroquial, que conforman un extraordinario conxunto monumental.

O escudo abacial ten un capelo con ordes de borlas. No centro loce un brasón con cinco estrelas de oito puntas

Aves concibidas a modo de gárgolas, co pico aberto, as cabezas coroadas, e as asas a medio despregar

Un gran festón decorado con catro rombos flanqueados por dous floróns situados xusto encima das pilastras

As pilastras apóianse nunha dobre espiral por cada lado, decorando a súa fronte con botóns

Catro pináculos de grande altura, rematados en ananás, aparecen deseñados con sete aneis de diversa decoración

Cornixa moi voada e polimoldurada, sobre a que se levanta un frontón partido

O xambeado da porta é moi moldurado, de dobres oreilleiras superiores e inferiores

O fuste das pilastras presenta un festón vertical refundido co seu núcleo central moldurado

A clave ten forma de grande flor e aparece coroadada por un lirio. No seu centro loce unha cuncha de vieira

